

EXAME TEÓRICO E PRÁCTICO

Exame: día 22 de xuño de 2020

Modalidade Presencial:

O alumnado terá que estar no Centro ás 16:00 h. para a realización do exame teórico. Será o mesmo que o da modalidade non presencial e constará dun exercicio único de lectura rítmica e entoación.

As 16:20 comezaremos a chamar por orde de lista e o alumnado interpretará o exercicio teórico e a continuación interpretará co instrumento dúas das tres obras que presentan.

Modalidade Non presencial:

O alumnado ás 20:00 h. do día 22 de xuño terá dispoñible na páxina Web do Centro www.crctorroso.com o exame teórico a realizar (Apartado Conservatorio/ Probas acceso 1º curso Grao Profesional/ **Exame Teórico**). Constará dun exercicio único de lectura rítmica e entoación.

Ás 20:20 h. do mesmo día (como prazo máximo) deberá enviar arquivo de vídeo da interpretación do exercicio en formato mp4* ao correo do Centro info@crctorroso.com e por outra banda outro arquivo interpretando dúas das tres obras a presentar.

Ditas gravacións deberán cumprir os seguintes requisitos para que sexa admitida e se poida avaliar:

- Gravación de corpo enteiro coa cámara en horizontal
- Gravación en espazo sen ruídos de fondo e sen cortes entre as obras.
- Nomes dos arquivos a enviar: nome e apelidos do alumno así como a especialidade á que se presenta e o nome da proba (teórico e práctica).

. **Exemplo:** Benito Álvarez Pérez-TROMPETA-Teórica.mp4

Benito Álvarez Pérez-TROMPETA-Práctica.mp4

* Se o arquivo é de moito tamaño e non deixa enviar poden comprimilo ou enviálo por wetransfer, dropbox o por enlace oculto de Youtube.